



RAFAEL RODRÍGUEZ VILLARINO, deputado e voceiro do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ó previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, do R.O.F. e o Regulamento da Corporación presenta unha **MOCIÓN SOBRE A EQUIPARACIÓN REAL E EFECTIVA DAS PERSOAS MENORES EN ACOLLEMENTO FAMILIAR**.

Onde mellor pode medrar unha crianza é en familia, xa que, deste xeito, pode ter a oportunidade de desenvolverse na contorna máis adecuada durante a infancia. O principio fundamental do interese superior do menor debe inspirar toda a lexislación de protección á infancia, así como establecer que a vida e o desenvolvemento dun ou dunha menor en acollida teña lugar nunha contorna familiar adecuada e libre de violencia.

Existe unanimidade entre expertos e expertas ao considerar que a familia é o hábitat natural para o crecemento e benestar. Por iso, resulta indispensable recoñecer na lexislación a prioridade do acollemento familiar fronte ao residencial. O acollemento familiar é un recurso social que proporciona unha familia alternativa á de orixe a aqueles nenos, nenas ou adolescentes que, por diversas razóns, non poden convivir coa súa, evitando a institucionalización de crianzas e adolescentes cuxos pais, por circunstancias persoais ou sociais, non poden facerse cargo deles, pasando a ser tutelados pola administración.

A retirada da tutela aos proxenitores biolóxicos pode ser por un período de tempo, de urxencia, temporal ou permanente. A Lei 26/2015, que regula o sistema de protección á infancia e á adolescencia, incluíu un novo artigo 20 bis á Lei Orgánica 1/1996 de Protección Xurídica do Menor, de maneira que recolle os dereitos dos acolledores familiares, sinalando a obrigatoriedade de facilitar ao acollido ou acollida as mesmas condicións que aos fillos e fillas biolóxicos ou adoptados durante o tempo que a persoa menor conviva nese núcleo familiar. Tamén dispón que a familia acollidora terá os mesmos dereitos que as administracións recoñecen ao resto de unidades familiares.

A realidade do acollemento familiar na provincia de Ourense pasa, entre outras cousas, pola normalización do acollemento familiar permanente, figura que non se promove nesta provincia, tal e como figura en documentos internacionais e leis nacionais. Isto debe comezar a mudar para non contar cunha discriminación territorial de base.

A pesar de priorizar solucións familiares de acollemento e de adopción fronte ás residenciais, a realidade é que estamos aínda lonxe dese propósito. A porcentaxe dos menores tutelados pola administración que se atopan en residencias é demasiado grande. Hai que corrixir o desequilibrio entre o investimento en acollemento residencial fronte ao familiar, ademais de pedir medidas que impulsen a promoción da acollida. Un acollemento non é unha adopción. Hai que ter claro que o neno ou nena terá contacto coa familia biolóxica e particularidades á hora de establecer medidas.

As familias de acollida demandan unha maior visibilidade pois, desgraciadamente, faltan familias e sobran menores en desamparo. A acollida de menores é un acto completamente altruista. As crianzas en acollemento familiar en Galicia perciben unha contía económica que non chega nin para cubrir alimentos e, ademais, ten escasas subvencións, a pesar de



que o titor ou titora legal é a administración. Estas familias enfróntanse a situacións nas que teñen que dar demasiadas explicacións, como entregar un papel para a gardería ou colexio; solicitar a cartilla sanitaria; federarse para poder facer un deporte ou explicar ás crianzas que non poden viaxar cos seus compañeiros. Tampouco debemos esquecer a obriga de asumir gastos extraordinarios ou o coidado sen posibilidade de conciliación.

A promoción dos dereitos da infancia e da adolescencia, así como a protección social, económica e xurídica da familia, son fin prioritario dos poderes públicos. Nos últimos anos, somos conscientes dos avances no referente ao benestar das persoas menores e familias, e a realidade das e dos acollidos obríganos a ir un paso máis aló.

Enténdese que nun tempo diferente e cunha sociedade distinta, requírense modos de gobernar máis próximos. Son momentos onde a cidadanía necesita sentir máis preto á administración, especialmente ao concello e á deputación, as máis próximas á veciñanza.

Dende hai anos, as familias de acollida atópanse con innumerables dificultades. Ás familias e ás asociacións preocúpanlles que estes problemas supoñan un muro ante a conciliación familiar e laboral; a sanidade; a educación; o lecer; os deportes ou o acceso a subvencións, axudas descontos, etc. Por iso queremos que a Deputación Provincial de Ourense apoie esta iniciativa para equiparar, na medida das súas posibilidades, ás persoas menores de idade en acollemento familiar a condición de filla ou fillo, coa particularidade dun enfoque transversal que permita activar certas accións de discriminación positiva, co fin de fortalecer e promocionar o acollemento familiar.

A Deputación Provincial de Ourense, a todos os efectos, debe dar a consideración de fillo ou filla natural ás persoas menores en acollemento familiar durante o período de convivencia. Isto suporía o acceso en igualdade de condicións aos servizos ofertados, como poden ser ludotecas, bolsas, campamentos, actividades deportivas e mesmo a inscrición nas escolas municipais. É dicir: que os e as menores de acollida teñen a consideración de fillos, fillas e irmáns. Deste xeito, tamén poderían acceder ás reducións de impostos na área de familia deporte, facenda ou transporte entre outros. Medidas similares xa están en funcionamento en concellos de Galicia e doutras comunidades.

A lexislación vixente só equipara ás persoas menores en acollida permanente ou en situación preadoptiva e non ás acollidas de forma temporal ou por vía de urxencia. Por iso é necesario dar un paso máis e establecer este apoio especial, non para compensar o gran labor social realizada, senón para incrementar a calidade da atención das e dos menores, de acordo co obxectivo de avanzar na protección social, xurídica e económica e ofrecer apoio preferente ás familias en situación especial.

Por outra banda, está comprobado que o entorno rural ten un efecto reparador nestas persoas. Por iso defendemos tamén que promover o acollemento familiar en concellos en vías de despoboación, pode ser unha medida bastante efectiva para impulsar a loita contra os problemas demográficos destes municipios, moi abundantes e con moitas peculiaridades en boa parte da provincia de Ourense.



Por todo o exposto, o grupo socialista presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

1. Que a Deputación Provincial de Ourense ordene e actualice a súa normativa para establecer expresamente a equiparación de feito, na medida do posible, para os efectos administrativos, aos menores en acollemento en calquera das súas modalidades —temporal, permanente, preadopción ou de urxencia— á condición de fillo ou filla, durante o tempo que se atopen baixo acollemento familiar, configurando medidas que apoiem positivamente a estas familias e menores.
2. Que a Deputación Provincial de Ourense incorpore o ítem ‘familia acolledora’ ou ‘crianza en acollida’ nos impresos e modelos das súas áreas de xestión, configurando medidas que apoiem positivamente a estas familias e menores.
3. Que a Deputación Provincial de Ourense considere ás familias acolledoras de especial protección, aplicando medidas de discriminación positiva que faciliten a vida comunitaria a nivel local das persoas que acollen e das acollidas.
4. Que a Deputación Provincial de Ourense valore a posibilidade de ofrecer formación básica ou avanzada ao seu persoal, en materia de medidas de protección de menores, especialmente sobre acollemento familiar.
5. Que a Deputación Provincial de Ourense elabore un rexistro provincial de familias acolledoras de carácter voluntario.
6. Que a Deputación Provincial de Ourense aprobe axudas para familias acolledoras.
7. Que a Deputación Provincial de Ourense poña en práctica medidas para divulgar e sensibilizar sobre acollemento familiar e da necesidade de ter familias acolledoras.
8. Instar a Xunta de Galicia a dotar unha partida orzamentaria para as familias acolledoras ou para o acollemento familiar.
9. Instar á Xunta de Galicia a potenciar o criterio de acollemento familiar permanente.

En Ourense, a 15 de xullo de 2021.

Asinado: Rafael Rodríguez Villarino.

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENS